


Materia/Área	Segunda Lingua Estranxeira Francés		 CPI de ATIOS Valdoviño
Profesor/a	Laura M. Fernández Sánchez.		
Curso	2º ESO	Páxinas	

CONTIDOS:

1ª Avaliación: Repaso de contidos básicos de 1º ESO como: os verbos *avoir* e *être* en afirmativa e negativa, a descrición física o material escolar, as preguntas, a familia, as profesións e as cores. A roupa, os zapatos e accesorios. Os prezos e os números a partires de 100. O mobiliario do dormitorio, as partes da casa e astarefas domésticas. O *futur proche* e o *passé récent*. A comparación. Os demostrativos.

2ª Avaliación: Os deportes: os verbos *jouer à*, *jouer de*, *faire de* e a contracción do artigo coas preposicións. Os alimentos e as bebidas: o artigo partitivo e o pronome “en”; as sensacións (fame, sede, sono, ...); as cantidades e os envases. Fórmulas de cortesía para pedir e agradecer.

3ª Avaliación: O campo e os animais de granxa e os insectos. Expresarse en pasado: o *passé composé* con *avoir*, o *passé composé* con *être*. A causa. A expresión da dor. As tendas e os medios de transporte; o pronome “y” e a preposición “chez”.

OBXECTIVOS:

Recordar os contidos aprendidos no 1º curso de ESO aumentando o vocabulario cara a outros campos semánticos e introducindo novos conceptos gramaticais. Reflexionar sobre as diferenzas e as semellanzas entre a súa lingua materna e o francés. Incrementar a autonomía á hora de iniciar diálogos e de continualos, e a seguridade na comprensión oral e escrita.

METODOLOXÍA:

Empregaremos o ***Cahier d'exercices Pluriel 2*** da editorial Santillana, os recursos da plataforma Edixgal, da aula virtual do centro e o libro dixital correspondente ao *Cahier* diariamente. Veremos os textos e escoitaremos audios para descubrir novos contidos; no caderno faremos os exercicios orais e escritos, apuntaremos as explicacións e pegaremos recortes.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Criterios:

- Participar na clase e amosar interese por avanzar na materia.

- Demostrar coñecemento dos contidos léxicos e gramaticais nas probas.
- Actitude de axuda aos compañeiros e de cooperación nas actividades da aula.

Instrumentos:

- 2 exames en cada trimestre, con probas orais e escritas.
- Entrega periódica de fichas para resolver autonomamente que serán devoltas con cualificación.
- Revisión do caderno de exercicios e da libreta.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

2 exames por trimestre que suporán o 60% da nota; caderno e fichas: 30%; participación e actitude en clase: 10%.

MÍNIMOS:

Os contidos correspondentes a léxico (por exemplo: as pezas de roupa, os medios de transporte, ...) e o emprego dos elementos gramaticais con algunha incorrección (por exemplo, identificar sen dúbida e empregar o *passé composé* cumprindo as normas gramaticais pero non as excepcións).

MATERIAL NECESARIO PARA A MATERIA:

Cahier d'exercices Pluriel 2 da editorial Santillana, libreta de francés de 1ºESO, se o alumno a conserva; se non a conserva ou está esgotada, unha libreta tamaño folio que non sexa demasiado grande. Ademais, bolígrafos azul e vermello, lapis, goma, tesoiras, pegamento e lapis de varias cores diferentes. **É imprescindible que o alumno acuda a clase provisto de auriculares de calquera tipo (de diadema ou de botón).**